

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **10 de decembro de 2020**

Ás 18.00 horas do día 10 de decembro de 2020, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339728>) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a **deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:** D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE NOVIEMBRE DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de novembro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 19 de novembro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO A MODIFICAR A LEI ORGÁNICA DE MODIFICACIÓN DA LOE PARA AUMENTAR A CALIDADE DO NOSO SISTEMA EDUCATIVO E GARANTIR OS DEREITOS FUNDAMENTAIS DOS ESPAÑOIS RECOLLIDOS NA CONSTITUCIÓN.-

D. César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular, di que xa todos son coñecedores do contido moción para instar ao Goberno do Estado a modificar a Lei orgánica de educación. Di que as leis educativas deben ser froito do consenso, deben ser estruturais. Tirouse pola borda o traballo de máis de dous anos dunha comisión do Senado e o Goberno, unilateralmente, fixo a modificación. Esperan que se cambie a lei e que se volva ao consenso en materia educativa.

D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, di que é unha moción contra a Lei Celá que ven desde o partido, e como non puido ler ben o contido da Lei Celá, di que a estudará e de momento anuncia a abstención.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, di que esta moción xa se debateu no Pleno do Concello de Ourense a semana pasada. É unha lei orgánica que está no rango troncal da Constitución. Coincide en que debe ter o máximo consenso, que afecta á estrutura da sociedade, pero o lugar do seu debate son as Cortes Xerais. Non ten sentido debater en concellos ou deputacións. Anuncia a abstención.

D. Bernardo Varela López, do BNG, di que está ben debater unha cuestión como esta, que é política e de fondo calado. Coincide en que se debería chegar ao máximo consenso. Cando se aprobou a LOMCE polo PP se dixo que era para castelanizar aos nenos cataláns. O interesante é chegar a puntos de encontro en cuestións de Estado a medio e longo prazo. Sobre outros aspectos non están de acordo, a Carta Magna de 1978 non son táboas de lei inmodificables. Alemaña, por exemplo, modificou a súa constitución. Lembremos que a

nosa Constitución se fixo despois dunha ditadura. Os que nacemos despois de 1962 non a votamos. Haberá que darlle unha volta e conseguir o maior consenso posible. Sobre garantir o dereito á formación relixiosa di que noutros países como Francia non existe, e aquí os nenos elixen o que queren, relixión ou ética, pero non ten porque ser avaliable. Sobre a inmersión lingüística lembra que o galego é a lingua propia segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia. Os pais non están preocupados pola inmersión lingüística doutras linguas como o inglés ou o francés, que incluso pagan. Di que, por exemplo, os seus fillos falan os dous castelán e que el lles fala en galego e viven en Allariz. Di que lles dá a liberdade para que falen o que consideren oportuno. Non hai ningunha imposición do galego, de feito el non consegue que os seus fillos falen galego. Considera que a proposta da moción é para impoñer unha visión, e o seu voto vai ser negativo. Recalca que está de acordo en buscar o consenso educativo no noso país.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, di que en canto ao consenso o PP cando está na oposición acode a el pero cando está gobernando esquece a palabra consenso. Gustaríalles que unha lei de educación perdurara no tempo. Manifesta que estamos nunha comisión informativa de cultura, deportes e mocidade e se está falando de cuestións de formación relixiosa e moral dos nosos mozos. Pódese dar a doutrina relixiosa que se queira, pero non puntuar no currículo escolar. Sobre a lingua cooficial, non especifica cales son os discriminados e lembra que en Ourense todos coñecemos o castelán. Sobre garantir a gratuidade da educación especial, o PSOE defende iso. Esta é unha moción que ven claramente de Madrid e César defende o indefendible. Insiste en que nesta comisión non se pode defender unha educación relixiosa. Tamén fala de respectar os corpos de profesores e o sistema de selección da súa carreira profesional, pero pregúntase como se elixen nos centros concertados. Anuncia que votarán en contra da moción.

D. César Fernández Gil, do Grupo Popular, di que o que vivimos neste debate é un correlato de onde está o problema. Fanse interpretacións parciais dunha lei de educación. Reivindicamos un consenso sobre o que ten que ser a educación neste país durante as próximas décadas. Se nos perdemos nas particularidades non daremos a visión da educación como país cara ao futuro.

D. Armando Ojea Bouzo, de DO, reitera que é unha cuestión fundamental que se debe debater nas Cortes Xerais e que cada institución debe debater sobre as súas

competencias e iso é o que considera el que é o respecto institucional. Di que se lles está pagando por un traballo e esta non é unha cuestión de competencia da Deputación, é competencia do Estado. Na Deputación se deben debater cuestións das súas competencias. Anuncia que o seu voto será a abstención.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), o voto en contra do Grupo Socialista (3) e do BNG (1) e a abstención de DO (1) e do Sr. Caride Domínguez, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar ao Goberno de España a volver ao Pacto Constitucional en materia educativa e a respectar a doutrina constitucional nas súas diferentes sentenzas que garanten o dereito das familias para elixir o modelo educativo e o centro onde escolarizar aos seus fillos, así como a presenza no sistema educativo dos centros de ensino diferenciado como unha opción pedagóxica máis ás que as familias teñen dereito a acceder en condicións de igualdade.

2º.- Respetar e cumprir o artigo 27.3 da Constitución, que obriga aos poderes públicos a garantir o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.

3º.- Adoptar as medidas oportunas para que o ensino da lingua castelá e as linguas cooficiais non sexan fonte de discriminación no exercicio do dereito á educación.

4º.- Estender a gratuidade das etapas post-obrigatorias: bacharelato e formación profesional e configurar a etapa de educación infantil de 0-3 anos como unha etapa voluntaria e gratuíta, garantindo que ningún alumno quede sen escolarizar por razóns socioeconómicas.

5º.- Garantir a existencia e gratuidade dos centros de educación especial tanto na rede pública como privada concertada como elementos importantes dun modelo educativo especializado e plural que permita elixir as familias a opción máis adecuada aos seus intereses e necesidades.

6º.- Incorporar as medidas de calidade e excelencia referentes nos países da nosa contorna, co fin de superar os niveis de coñecementos e competencias esixibles aos sistemas educativos no marco europeo: avaliación transparente e rendición de contas, autonomía dos centros, reforzo da función directiva, etcétera.

7º.- Respetar os corpos nacionais do profesorado. Neste marco, aprobar un sistema de selección, formación e carreira profesional para os docentes que permita situarlle no epicentro da mellora da calidade do sistema educativo.

8º.- Implantar aquelas medidas que incrementen a cohesión e vertebración do sistema educativo e garantan a igualdade de oportunidades:

- Creación dun fondo de cohesión territorial que permita un financiamento adecuados das comunidades autónomas e permita actuacións preferentes naquelas zonas xeográficas ou centros educativos que precisen medidas de calidade específicas.
- Reforzo da alta inspección educativa para asegurar que o dereito á educación sexa exercido en igualdade de oportunidades en toda España e que os ensinos se imparten con observancia do disposto pola Constitución Española.
- Implantar unha proba xeral de bacharelato, única en toda España conducente a título co fin de garantir uns niveis básicos de calidade en todo o sistema e asegurar a igualdade de oportunidades no acceso á universidade.
- Implantar un plan de avaliación xeral do sistema educativo, de periodicidade trienal que permita ao estado dispoñer dun diagnóstico certo do sistema e adoptar as decisións adecuadas para a mellora continua deste.
- Diseñar un currículo común en toda España que represente o 65% dos ensinos comúns nos seus propios termos naquelas CCAA sen lingua cooficial e o 55% naquelas que teñan lingua cooficial.

9º.- Avanzar cara á modernización e transformación do sistema educativo, neste sentido:

- Desenvolver un plan integral para a modernización e transformación dixital do sistema educativo avanzado cara ao pleno dominio por parte de todos os alumnos das competencias dixitais.
- Incorporar a obrigatoriedade no sistema educativo español da aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira.
- Reforzar e modernizar a formación profesional dual adecuándoa ás esixencias do noso modelo produtivo.
- Incorporar á lexislación básica dun plan de emerxencia educativa para situacións de catástrofes, crises sanitarias ou contaminacións graves.

10º.- Apoiar o recurso de inconstitucionalidade anunciado polo Partido Popular contra a LOMLOE para garantir que non se vulneran dereitos recollidos na nosa Carta Magna, como a liberdade de elección ou o dereito para recibir educación en castelán, lingua oficial de España segundo marca o artigo 3 da Constitución.

11º.- Darlles traslado deste acordo ao presidente do Goberno e á ministra de Educación e Formación Profesional, así como aos portavoces dos grupos políticos con representación do Congreso dos Deputados.

3º- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Neste punto a Sra. presidenta da comisión informa que hoxe se aprobou o Programa da rede de auditorios provincial, ampliando a prórroga ata o 30 de xuño con motivo do COVID 19. Como novidade di que se financian actuacións en auditorios e tamén ao aire libre. A data do 30 de xuño poderá ampliarse en función da evolución da pandemia.

O Sr. secretario informa que o importe para o ano 2021 é de 140.000 euros, e consultou canto había en 2020 e eran 150.000 euros. O resto do contido das bases son idénticas.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.

E, ás 18.24 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.